

MEMORIAS DUNHA ANORÉXICA

Quizais ninguén lea a miña historia, talvez xa ninguén se lembre de min ou, pola contra, pode que o que hoxe vou contar sirva para cambiar un pouquiño o mundo. Falecín o 21 de Xaneiro e cheguei ó meu novo fogar ó día seguinte. A verdade é que nunca abandonei de todo a terra xa que unha parte de min seguía vagando polas rúas, polas casas de todas aquelas persoas as que quero e por cada recuncho no que estivera en vida. Agora vexo as cousas dende unha perspectiva diferente e doume conta do erro que cometín. Encerreime en min mesma e rexeitei a axuda de todas aquelas persoas que pretendían axudarme, daquelas persoas que realmente me querían. Porén, eu preciso contar a miña historia para que todos aqueles que se atopen nunha situación semellante non cometan os mesmos erros. Pretendo que ninguén volva equivocarse deste xeito. Pretendo facer ver que loitando as cousas sempre teñen solución porque a vida é unha oportunidade única que non debemos desaproveitar.

Espertei cedo, no meu vixésimo día, naquel centro. Cando abrín os ollos encontreime de novo coa habitación con escasa luz, as paredes lucían un cor amarela apagada e as cortinas rosadas estaban cheas de enrugos. Nunha das paredes había un cadro bastante antigo dunha paisaxe mariñeira, que facía aquilo máis acolledor. Mirei pola xanela. Chovía a rebentar. A cidade amosaba unha cor gris e escoitábanse os típicos rúidos de todas aquelas persoas que loitaban por chegar o antes posible ós seus destinos. Nada comparado co que atoparía ó mirar pola venta do meu cuarto, dende onde onde os paxaros saudarían a mañá. Albiscaría os amplos trigais, o río fóra do seu sitio ruxindo e as matogueiras decaídas coas follas murchas e reviradas, mentres os lóstregos e os tronos sacudían o mundo. Non puiden evitar que me caeran as bágoas. Botaba de menos a miña vila: a miña ben querida Vilalba, unha comarca grande en extensión e abundante en habitantes, situada na coñecida Terra Chá de Lugo. Un lugar aparentemente silencioso, pero que emite a sensación de estar vixiado por curiosas miradas, ocultas detrás dese mundo máxico das meigas, desde onde se escoitan millóns de ruxidos procedentes das nosas tradicionais aves, así como centos de lendas que os máis vellos gardan nos seus recordos e que lle dan a Galicia ese toque de meigallo que engaiola a quen a visita.

Recordo o día que cheguei a Madrid. Lembro perfectamente aquel vagón de segunda clase no que ían outros tres pasaxeiros. Un compartimento lúgubre, co chan poeirento e manchas de humidade no teito. Facía unha calor abafante, máis prefería mil veces esa situación á vivida non había nin cinco minutos naquela inmensa estación. Alí, reparei nun rapaz que estaba ó meu carón tocando o violín, esperando conseguir unhas moedas para poder alimentarse aquela noite. Era un rapaz louro, a face escura e con necesidade dunha muda urxente. Sentín magoa, e unha vez máis decateime de que a vida me amosaba a súa dureza e a súa inxustiza. Metín a man no peto coa intención de atopar algo solto. A verdade non tiña moito, só as voltas do pago dun café que tomara antes de subir ó tren, pero pouseinas no prاتيño situado ós seus pés. Deume as grazas e marchei.

Non quixen que meus pais se despediran de min, estaba demasiado anoxada con eles, mais agora arrepiéntome de non poder traer comigo as calorosas apertas da miña xente. Pero, nese intre amoseime fría e distante con aqueles que eu consideraba que me traizoaran, porque, para min, aquilo era un traizón. Agora sei que o facían polo meu ben, mais daquela eu non o entendía así, eu só tiña claro que non quería ir a un hospital. Non comprendía porque me enviaban a aquel centro xa que me atopaba ben. Baixara algo de peso e eles empeñábanse en asegurar que tiña anorexia. Agora sei que

tiñan razón, pero. Daquela, eu negábame a aceptar a realidade e menos a considerala como unha enfermidade. Un toque na porta anuncioume a chegada de alguén e a enfermeira deixouse ver. Traíame o almorzo e viña vixiarme mentres me aquelaba e almorzaba. Non quería comer, máis obrigoume a tomar o zume e as torradas con marmelada que inxerín chorando. Acompañoume ó cuarto de aseo, ó que se accedía por unha porta situada na marxe dereita do meu cuarto que sempre permanecía pechada con chave para evitar á tentación do vómito. Lavei a cara, peiteei o cabelo e mudei de roupa. Ata vixiaban como facía as miñas necesidades. Sentía carraxe, vergoña e impotencia.

Marchou pechando a porta e eu volví ó meu recuncho. Permanecín calada e volveu o ambiente de harmonía que predominara na habitación ata aquel momento, e de novo un silencio funerario deitouse sobre a miña conciencia. Todo comezara o pasado verán cando pretendía adelgazar un pouco, non moito, só o xusto: un quilo ou dous, tres como moito. Deste xeito comecei coas típicas dietas, zumes, e a inxerir todo aquilo que saía nos anuncios de televisión e que prometían uns resultados excelentes. Mais todo o que facía non me servía de nada xa que non conseguía baixar de peso. Comecei a saltar comidas coas escusas que se empregan sempre: xa tomarei algo por aí, comín demasiado ó mediodía, non teño fame, síntome mal.... Comecei a adelgazar pero, aínda así, a miña imaxe diante do espello non me gustaba. Non obstante, ante a sociedade aparentaba sen unha rapaza coma tantas outras: acudía a un bo colexio, tiña os miñas amizades, facía deporte...

Levanteime do sofá. Levaba naquel centro 20 días e aínda non fixera ningunha amizade. Só coñecía de vista algunhas rapaza, coas que tropezaba de cando en vez e que semellaban levar moito tempo no centro, pero dábame igual, non necesitaba a ninguén, non precisaba de amigos naquel lugar, eu xa tiña os meus, só quería marchar. Precisaba vomitar. Acababa de tomar 2000 Kcal e alí estaba sentada como unha gorda. Xa recuperara tres quilos dende a miña chegada, e iso que a maioría das veces agachaba a comida no pantalón ou esmiolaba o pan e as galletas, que despois ciscaba polo chan. Todo valía con tal de comer menos. Escoitei ao lonxe o carriño da comida. Sen darme conta xa eran as dúas do mediodía o que indicaba a hora de xantar: a hora de enfrontarme de novo a ese inferno.

Despois de comer tomei as miñas pastillas de todos os días e dispoñía dunha hora e media antes de comezar as infinitas sesións de terapia que, ó meu entender, non levaban a ningures. Ás veces, despois de cada sesión, parábame a pensar na miña situación e berrábame a min mesma: “Esperta, non ves que te estás matando!” Pero de súpeto volvían todas aquelas ideas de que estaba ben, algo gorda, pero ben.

Pensaba en papá e en mamá, en como estarían, en como lles iría a colleita, se meu irmán pequeno medraría moito, se os meus amigos se lembrarían de min... En realidade, estaba perdendo moitos momentos importantes da miña vida metida naquel odioso lugar. Pensei en aceptalo, en asumir que estaba enferma, mais despois de cada comida intentar non recaer nos meus pensamentos era todo un reto.

As cinco e media tiven terapia con Xoana, una señora xa bastante vella pero con un ton amable e agarimoso. É unha das mellores persoas que coñecín aquí e tamén das que máis me fai pensar. Contoume que a súa filla pasara polo mesmo que estaba pasando eu, e que se sentía culpable por non darse conta e non poder axudala, e evitar que a enfermidade acabara con ela. Tal e como me trataba, pronto me decatei de que vía en min á filla que, coma quen di, lle arrebataron das mans. Insistía en que debía loitar, que se cadra a anorexia tiña gañado algúns asaltos pero o que contaba era o definitivo. Repetía unha e outra vez que aproveitara o meu tempo para poder saír canto antes e volver á miña vida, rodeada da miña familia, dos meus amigos,... e sempre insistía en que debía buscar un bo rapaz. Mais iso non era nada doado. Por moito que

intentara facer caso dos seus consellos tiña medo. Tiña medo ó pensar si cando saíra de alí sería capaz de non recaer, de ter unha vida normal, sen vixilancia. Ás veces sentía que non quería curarme, que só quería marchar de alí.

Xoana intentaba saber de onde proviña a miña enfermidade e tiña a teoría, en contra do que eu pensaba, de que era causa dos insultos dos meus compañeiros. Despois dalgúns días de reflexión sobre o tema acabei por darlle a razón. A verdade é que dende que comecei a ir á escola os rapaces sempre me chamaban “gorda” ou “balea” ou cousas semellantes que se cravaban como puñais no meu interior. Erguerse cada día para enfrontarse a centos de persoas que me miraban como a unha apestada e escoitar murmuracións, non é, para unha adolescente, unha situación fácil de soportar. Polas noites, unha e outra vez, volvían á miña mente aqueles alcumes e situacións desagradables que facían imposible pegase ollo.

Case non tiña noticias dos meus. Mantiñanme á marxe de todo o que ocorría fóra daquelas catro paredes para que ninguén puidera meterme outras ideas na cabeza, que non foran as que eles me impoñían. Só recibía unha chamada de meu pai cada dúas semanas. Pensei en fuxir e, durante días, estiven estudando a posición de cada cámara, de cada membro de vixilancia, de cada recuncho daquel sitio. Fixen planos de cada planta, de cada saída. Anotei todos os detalles que, por moi simples que parecen, puidesen serme útiles no momento da miña fuxida. O interior xa o tiña máis ou menos controlado, só me faltaba o exterior e o tempo non se poñía da miña parte pois, cada día que pasaba, o vento era máis forte e o sol non quería deixarse ver. Iso retardou bastante a miña fuxida. Decidín facer o plano exterior dende diferentes estancias do edificio, non sería o mesmo pero conseguiría a información necesaria para poder marchar de alí. Así tamén tería a vantaxe de coñecer o punto máis oculto e escuro do recinto.

Preparei e estudei cada milímetro daquel plano, así como todos os movementos do meu plan. Tiña que saír todo como estaba previsto: só dispoñía dunha oportunidade e non me darían a opción de empregar un plan “b”. Un só erro e saltarían todas as alarmas botándoseme enriba todos aqueles enfermeiros. Marcharía pola noite despois do toque de queda das doce.

Agardei impaciente a chegada da media noite. O tempo pasaba paseniño e as horas parecíanme longas e infinitas. Sen darme conta o reloxo deu as 12 baladas que sinalaban o comezo da operación. Saín do meu cuarto que daba a tres corredores. Collín o corredor da dereita que era o menos transitado, dado que case non había pacientes naquela zona. Atopábame no segundo andar. O corredor levaba a outro máis amplo, que tiña á dereita as escaleiras de emerxencia e á esquerda outro corredor que levaba á entrada principal. Saín ó exterior e baixeí pola saída de incendios. Facía moito frío e o patio estaba bastante máis iluminado do que percibira dende a xanela. Puxen un pano na cabeza para evitar que me recoñeceran. A primeira parte do plan saíra á perfección. Xa estaba a piques de conseguir o meu obxectivo mais, cando estaba xa preto do cerrume, agocheime detrás dun ciprés. Estaba suando e tiña os nervios a flor de pel. De súpeto viñéronseme á cabeza un milleiro de preguntas ás que non sabía responder: A onde iría unha vez que estivera fóra? A quen ía pedir axuda? Quen estaría disposto a darla? De que ía vivir?...

Axiña quitei da cabeza aquelas inquedanzas pois non era o momento de pensar niso, tiña que marchar de alí antes de que me botaran en falta. Dispúxenme a saltar o cercado e recibín un golpe de corrente que me tirou ó chan provocándome unha dolorosa cambra na perna esquerda. Sentín o son das alarmas e volví agocharme rapidamente detrás da árbore. A dor, os mareos e o frío impedíanme actuar con rapidez e, ó pouco, vinme acurrallada por uns dez enfermeiros. Agarráronme e loitei con todas as miñas forzas para poder soltarme pero todos os meus esforzos foron inútiles. Dende

aquel día a porta da miña habitación permanecía cerrada con pecho e, á xanela, puxéronlle un ferros exteriores que impedían a saída.

Pasei días, incluso semanas sentada nun recuncho do sofá, resignada a permanecer durante moito tempo naquel lugar. Pero un día pola mañá volvíñ sentir esas ganas de ser libre, aínda que sabía que non podía selo. Chegou a hora do xantar e as miñas ansias de liberdade leváronme a pensar no suicidio. Escachei un vaso e metín no peto un anaco dos cristais sen que ninguén se decatase. Neses intres estaba actuando sen pensar nin no que pretendía facer nin nas súas consecuencias. Despois da comida volvíñ ó meu lugar habitual: o sofá da miña habitación. Comecei a pensar no meu novo plan: para min, a única maneira de fuxir daquel lugar e conseguir a miña liberdade. A media tarde collín o cristal na palma da man e mireino atentamente. Canto máis o ollaba máis decidida estaba a facelo. Sen vacilar, fíxenme unha cortadura vertical na man dereita. Non sentín dor, só sentín que fun esvaecéndome pouco a pouco.

Cando volvíñ abrir os ollos atopábame nunha habitación branca, as portas azuis e centos de tubos enganchados ó meu redor. Atada de pés e mans a aquela cama e co osíxeno posto, vin ó meu carón a meu pai. Non sabía onde estaba máis tampouco preguntei, permanecín calada. Meu pai achegouse a min e deume un bico esixíndome unha explicación. Eu só lle dixen que non me gustaba aquel lugar, que quería volver a casa e que todo volvera a ser coma antes. Só obtiven como resposta un silencio infinito. Estiven varios días ingresada naquel centro e eu mantiña a esperanza de volver á miña vila, con meu pai. Axiña me decatei de que os seus plans eran outros e en canto estivera recuperada volvería ó hospital. Sentín rabia ó tempo que tristeza. Por que non quería levarme con el? Xa non me querían? Era un estorbo para eles? Non sabía, pero do que si estaba segura era de que eu non volvería nunca a aquel centro.

Chegou o día en que me recuperei totalmente e, polo tanto, o momento de regresar á residencia. Levoume meu pai. Durante a viaxe rogueille e supliqueille que me deixara volver a casa mais non fun capaz de convencelo. Así que alí estaba de novo, no lugar que tanto odiaba. Polo día, estaba sempre vixiada por unha enfermeira e pola noite, atábanme de pés e mans á cama para evitar que volverá cometer outra imprudencia. Non estou moi segura, porque alí dentro perdín a noción do tempo, pero ao meu parecer estiven así, aproximadamente dúas semanas.

A noite do 21 de Xaneiro decidín acabar con todos os meus sufrimentos. Non aguantaba nin un minuto máis alí metida. Aquilo cada vez se semellaba máis ó cárcere. Prefería mil veces a morte antes que estar privada de liberdade. O meu novo plan de suicidio foi morder a lingua ata morrer desangrada. Sentía dor, moita dor e funme esvaecendo pouco a pouco. O sangue tinguu ás sabas brancas. As últimas imaxes presentes na miña mente, foron imaxes da miña familia acompañadas dunha música moi suave e melancólica. Despois disto fixen unha viaxe moi longa e, ó final do traxecto, vin a Lucía, o meu anxo da garda. Este foi o último día en que permanecín na terra con vida.